

Estimados Sres./as. da redacción do xornal El Correo Gallego:

Chámome Francisco Rañal Loureiro, teño 46 anos e son profesor titular de Física e Química no IES Rosalía de Castro de Santiago. Póño-me en contacto con vostedes para adxuntar-lles información sobre dúas recentes resolucións do Valedor do Pobo de Galicia respecto sendas queixas interpostas por min contra a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, por se estas puideran ser de interese para o seu xornal.

Ambas resolucións versan sobre feitos acaecidos no curso pasado (2011-12) no meu instituto, cuxo resumo aparece na primeira das miñas queixas (documento 1), que podo probar documental-mente como xa fixen ante o Valedor, e que abrevio a continuación:

- **1 setembro 2011:** o profesor Francisco Rañal incorpórase como profesor titular ao claustro do IES Rosalía de Castro, tras catorce anos de servizo activo sen conflito de ningún tipo. Os últimos oito anos destinado no IES Marco do Camballón (Vila de Cruces).
- **1ª cuadrimestre curso 2011/2012:** nin o departamento nin o profesor reciben queixa algunha sobre os resultados dos cursos impartidos por el.
- **15 Febreiro 2012:** nunha reunión de departamento persónase o Sr. Director para transmitir queixas dos pais polas baixas notas do departamento, en particular do citado profesor. Ningún pai solicitara ata entón entrevistarse co profesor Rañal no horario estipulado ao efecto.
- **13 Marzo:** nunha reunión de pais e alumnos na que está presente o Sr. Director, recoñécese que o citado profesor explica ben, pero elabórase un escrito de queixas sobre a suposta dificultade dos seus exames.
- **15 Marzo:** o profesor Rañal réunese con todos os pais reclamantes para explicar-lles a súa metodoloxía. Ante a enrocada posición dos pais respecto ás notas, o profesor acepta a proposta de que sexa o departamento quen avalíe aos seus alumnos.
- **21 Marzo:** os alumnos de Física de 1º de Bacharelato Internacional, no nome dos seus pais, votan maioritariamente que sexa o prof. Fco. Rañal quen os continúe avaliando.
- **26 Marzo:** o inspector do centro, nunha reunión co prof. Rañal e co xefe de departamento, valora positivamente a proposta de que o departamento avalíe aos seus alumnos de 2º Bach., pide ao profesor que faga tal solicitude ao departamento e que éste a acepte.
- **30 marzo:** o departamento rexeita a petición do prof. Rañal por entender que legalmente a avaliación é un dereito e un deber inexcusable de cada profesor.
- **16 abril:** o inspector do centro lévase todos os exames do prof. Fco. Rañal para seren analizados polos inspectores especialistas.

- **23 abril:** os inspectores especialistas acuden ao centro e comunican o seu dictamen: **os exames do prof. Rañal axústanse aos obxectivos da programación e a súa corrección e xusta e exhaustiva.** O inspector do centro propón que, para satisfacer as demandas dos pais, dende entón e ata final de curso o prof. Rañal someta os seus exames á aprobación previa do departamento e que este revise a súa corrección. O departamento e o profesor aceptan.
- **23 abril – 21 maio:** todos os exames do prof. Rañal e a corrección dos mesmos é analizada e aprobada polo departamento. O cálculo das notas finais do curso é supervisada polo departamento.
- **2 maio:** o xefe do departamento réunese cos pais para explicarlles a decisión e actuacións do departamento neste caso. Un grupo de pais solicitan verbalmente que o departamento decida aprobar a todo alumno que só suspenda a asignatura de Física.
- **4 maio:** o departamento rexeita a solicitude dos pais por entender que non ten atribucións para adoptar tal decisión contraria á legalidade.
- **14 - 17 maio:** o inspector do centro réunese co prof. Rañal para tentar convencelo de que suba as súas notas e aprobe aos alumnos que só suspendan Física. Tamén mantén reunións con diversos profesores do departamento e do centro para que fagan presión sobre o prof. Rañal na avaliación neste sentido.
- **22 maio:** na acta da avaliación de 2ºD seis profesores da mesma engaden nas observacións que non están de acordo coas notas de Física. O Sr. Director engade na acta que “considera que hai una desviación excesiva nas notas de Física de 2 a 4 puntos”. **O acta permanece exposta ao público na entrada do centro durante máis de 40 horas.**
- **23 maio:** vinte alumnos do profesor Fco. Rañal presentan reclamación ante o departamento polas notas da asignatura de Física de 2º bach.
- **24 maio:** o inspector do centro volve a entrevistarse con todos os membros do departamento para tentar convencelos de que aproben aos suspensos con só Física se acadaron uns supostos “obxectivos de etapa” non recollidos na lexislación.
- **25 maio:** o departamento desestima as reclamacións dos 20 alumnos.
- **26 – 28 maio:** na prensa e radio locais o Sr. Director do centro e diversos pais verten descalificacións sobre o traballo do prof. Rañal.

- **26 maio:** o profesor Rañal recibe atención médica por ansiedade no servizo de urxencias do hospital La Rosaleda.
- **28 maio:** dezasete alumnos do prof. Fco. Rañal elevan a súa reclamación á Comisión de Supervisión.
- **1 xuño:** o Profesor Rañal presenta a súa primeira queixa ao Valedor do Pobo polos feitos anteditos.
- **2 xuño:** a Comisión de Supervisión sube as notas a 15 dos 17 alumnos. Tres alumnos calificados cun 3 e con só Física suspensa son aprobados.
- **4 xuño:** novas descalificacións na prensa ao profesor por parte dalgúns pais. O profesor obtén abaixa médica por ansiedade e depresión.
- **25 xuño:** o Profesor Rañal solicita á Consellería que se lle permita acceder aos expedientes da Comisión de Supervisión das Cualificacións.
- **6 xullo:** a consellería de Educación nega o acceso do profesor a ditos expedientes.
- **27 xullo:** o profesor presenta unha segunda queixa ao Valedor do pobo solicitando acceso aos devanditos expedientes.

Na resolución do Valedor do pobo á miña primeira queixa (documento 2) quixera destacar os seguintes puntos:

- En primeiro lugar o Valedor do Pobo desautoriza as críticas dos pais dos alumnos sobre a adecuación dos exames do profesor á programación didáctica, recollidas nun decálogo presentado á inspección porque ***“(…) os pais non poden avaliar tecnicamente esta adecuación nin teñen facultades para solicitar que os exames sexan máis asequibles. O punto clave (...) é o recoñecemento reiterado de que os alumnos consideran que o profesor explica ben a materia polo que non só non se detecta un incumprimento das obrigas docentes senón un recoñecemento explícito da súa observancia”.***

- En segundo lugar, a instancias da inspección, os exames postos polo profesor ata ese momento do curso (23 abril) foron revisados por dous inspectores especialistas, máxima

autoridade técnica da Consellería na asignatura, e o Valedor destaca que ***“a clave é que feita a supervisión das probas realizadas polos inspectores especialistas, chegan á conclusión de que estas son axeitadas ao curriculum e á programación do departamento”***.

- En terceiro lugar, o Valedor censura á actuación de seis profesores do claustro así como o director que manifestaron por escrito na acta da avaliación a súa discrepancia coas notas da asignatura de Física sen ter visto siquera os exames. Lembra á inspección que a lexislación vixente ***“en ningún caso autoriza a un profesor ou a un grupo deles a censurar ou criticar (aínda menos públicamente) as cualificacións outorgadas polo docente encargado dunha materia e ratificadas polo seu departamento didáctico”***.

No caso do director estima que ***“cometeu un feito irregular”*** e que ***“o máis grave desta situación (...) é que o director dun centro desautorice públicamente a un dos profesores do seu claustro, critique as súas cualificacións e o faga nun dos documentos oficiais de avaliación que non admite este tipo de anotacións. Consideramos que produciuse neste caso unha clara extralimitación da función directiva que avala a queixa do docente de que o director estaba a incitar ao alumnado para que reclamara(...)”***.

- En cuarto lugar, O Valedor do Pobo critica as presións exercidas polo inspector para que se aprobaran a tres alumnos que só tiñan suspensa a asignatura de Física sinalando que ***“as cualificacións noutras asignaturas non son o parámetro para sinalar erros ou desviacións”***. E considera que ***“nin a liberdade de cátedra nin a normativa mencionada ao longo deste escrito foron respectadas no IES Rosalía de Castro”***.

A este respecto gustaríame sinalar ademáis que nun informe enviado polo inspector ao Valedor e remitido a min por éste último, o inspector admite que nunha reunión á que me convocou: ***“Por último falamos sobre a posibilidade de que un alumno/a quedara só coa súa materia suspensa, deixando claro o profesor que ía manter esa nota e que non lle importaba que no centro se intentara sempre que nos alumnos de 2º de bacharelato non se dera ese caso”***, donde queda patente que o Sr. Inspector estaba ao tanto de que no IES Rosalía de Castro era habitual a práctica de aprobar asignaturas a alumnos suspensos polo mero feito de ter unha soa asignatura suspensa, cando este caso non se contempla na lexislación vixente. O Sr. Inspector non só non intentou en ningún momento poñer coto a tales prácticas ilegais no centro, senón que as aprobaba e presionoume a min e aos meus compañeiros do Departamento de Física e Química para que as levamos a cabo.

- O Valedor do Pobo conclúe elevando á Consellería a seguinte ***“recomendación”*** (máxima figura de encarecemento nas resolucións desta institución): ***“Que no sucesivo, no IES Rosalía de Castro, se eviten actuacións como as descritas por parte da dirección do centro ou da inspección educativa, de xeito que no exercicio da función directiva e na necesaria actividade de supervisión e control das obrigas docentes por parte da inspección educativa, se garanta a liberdade de cátedra dos docentes, o respecto a toda a normativa sobre a función de avaliar e cualificar ao alumnado, así como a observancia da regulación sobre os documentos oficiais de avaliación(...)”***

Tras estes feitos, dezasete dos meus alumnos de 2º de bacharelato presentaron reclamación ante a Comisión de Supervisión das Cualificacións (creada a tal efecto pola Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo) e a quince de

eles se lles elevou a nota entre un e dous puntos. Perplexo por tal resultado, solicitei acceder aos expedientes de modificación de cualificacións da citada Comisión para informarme dos motivos de tal resolución. Pero a administración educativa denegoume o acceso a eles aducindo que o artigo 20.a da xurisdicción contencioso-administrativa non autoriza aos membros da Administración a interpoñer recurso contra decisión de órganos da mesma, negándome ademáis a condición de “interesado” no proceso, por entender que do resultado da supervisión das súas cualificacións un profesor non pode obter beneficio ni evitar un mal.

Ante esta situación de indefensión interpuxen a segunda das miñas queixas ante o Valedor do Pobo (documento 3) solicitando acceso a ditos expedientes. Na correspondente resolución a esta segunda queixa (documento 4) O Valedor do Pobo de Galicia desmonta a argumentación da Consellería estimando que o profesorado é parte interesada no proceso de supervisión, pois debe coñecer a razón das eventuais desviacións entre o seu criterio de cualificación e o da Comisión de Supervisión para evitalas no futuro e evitar así o recurso sistemático á Comisión por parte do seu alumnado. Estima tamén que tal negativa **“é contraria á transparencia, o dereito á información e ás boas prácticas na actuación administrativa”**.

Ademáis establece que **“Da interpretación do conxunto da xurisprudencia (...) hai que concluír que non se pode excluír en todo caso a lexitimación procesual do profesor para impugnar en vía administrativa (...) e en vía xurisdiccional o acto de revisión das súas cualificacións, que, ademáis de producir indefensión en certos casos no profesor, conduce, en termos prácticos, a que poidan quedar sen control xurisdiccional posible (...) aqueles actos de revisión nulos de pleno dereito (...)ou incursos nalgúns dos graves vicios nos que o propio Tribunal Constitucional considera que é posible o control (...) como a arbitrariedade, a irrazonabilidade, a desviación de poder, ou erro grave ou manifesto”**.

Así, O Valedor do Pobo inclúe ao final da súa resolución á esta segunda queixa unha **suxestión** á Consellería para que na normativa sobre reclamacións dos alumnos se prevea **“o acceso do profesorado aos expedientes co fin de evitaren a súa indefensión”**.

Esta recomendación de transparencia responde a unha vella reivindicación do colectivo docente da nosa comunidade, pois ata agora as resolucións da Comisión de Supervisión das Calificacións só son comunicadas á dirección do centro e ao alumno, non aos profesores do departamento da asignatura, co cal éstos non poden saber en que se basea a eventual modificación das cualificacións e polo tanto non poden tomar medida algunha para tentar de evitar que ésta volte a producirse en cursos sucesivos. Ademáis, o total oscurantismo e impiedade co que funciona a Comisión de Supervisión das Calificacións, préstase a todo tipo de suspicacias sobre a súa imparcialidade e ecuanimidade.

No caso particular da miña solicitude, o Valedor **recomenda** á Consellería que se me dea acceso aos expedientes de revisión da Comisión de Supervisión e matiza **“(...) neste caso concreto, dáse a particularidade de que o departamento didáctico revisara xa os contidos e os criterios de avaliación e atopounos conformes; e ese mesmo exercicio de supervisión realizárono dous inspectores especialistas externos ao centro, con idéntico resultado. Por iso non estamos tratando unha mera discrepancia técnica do profesor que cualificou inicialmente respecto do acto de revisión da súa cualificación(...)”** concluíndo que polo tanto

“(...) o interese lexítimo do profesor en coñecer os criterios técnicos que levaron á Comisión de Supervisión a desestimar a validez destes dous controis técnicos previos é evidente”.

Como vostedes saberán, agora a Consellería de Educación ten un mes de prazo para contestar se acepta ou non estas recomendacións e suxestións do Valedor do Pobo.

Pola miña banda quero deixar constancia de que fago difusión pública destas resolucións coa única intención de limpar a miña imaxe persoal e profesional, seriamente danada polos pais e o director do centro o curso pasado (documento 5) no que eu considero unha campaña de desprestixio con intención de influir na resolución da Comisión de Supervisión.

Ademáis quero informarlles que, unha vez obtidas estas resolucións do Valedor do Pobo que respaldan claramente á miña actuación, na actualidade os meus asesores legais están estudando a presentación dunha demanda xudicial contra a **Subdirectora Xeral de Inspección e Calidade Educativa** da Consellería de Educación. Na nosa opinión resulta evidente que esta señora, cando menos, tolerou todas as irregularidades cometidas contra min, estando plenamente informada delas non só porque foron cometidas por subordinados directos seus, senón porque **o seu fillo foi un dos meus alumnos que reclamou e cuxa cualificación foi elevada dun 3 a un 5 pola Comisión de Supervisión**, a cal foi nomeada pola propia Subdirectora Xeral de Inspección.